

Xestión económica básica para asociacións

Data

Mércores 26 de outubro,
de 16:00 a 20:00 h

Lugar

Local social do Val - Aula de informática

Formato: 4 h

Prazas

12 persoas máximo

Persoas destinatarias

Asociacións do concello de Narón e contorna.

Contidos

Fiscalidade

- Conceptos fiscais básicos.
- Principais obrigas fiscais que afectan ás Asociacións. Funcionamento dos impostos e declaracións asociadas.
- Diferenciación de actividades con e sen ánimo de lucro e consecuencias fiscais.
- Exención: implicacións.

Obrigas administrativas

- Libros e documentos obrigados.
- Asembleas.

Contabilidade

- Conceptos contables e económicos básicos.
- Obrigas contables das Asociacións.
- Manexo de folia de cálculo para o control de ingresos e gastos e confección dunha contabilidade non oficial (plantilla de folia de cálculo entregable ás persoas participantes).

Financiamento

- Finanzas éticas.
- Repaso breve doutras opcións: subvencións.

Obxecto

- Dar as ferramentas ás asociacións para a súa autonomía e autoxestión
- Mellorar a xestión burocrática das asociacións

- Ampliar os coñecementos das persoas socias das asociacións
- Fortalecer o tecido asociativo da contorna

Avaliación

Ao final da sesión, entregaremos unha enquisa de satisfacción ás persoas participantes para que cubran de forma anónima e engadan calquera comentario, suxestión ou apreciación.

Xerme de participación. Primeiros pasos para a creación dunha asociación

Data

Luns 7 de novembro,
de 16:00 a 20:00 h

Lugar

Centro Comunitario Manuela Pérez Sequeiros

Formato: 4 h

Prazas

15 persoas máximo

Persoas destinatarias

Poboación xeral e grupos interesados en constituír unha asociación

Contidos

Presentación Escola de Participación de Narón

- Que somos e que servizos ofrecemos.

Construír as ideas. O noso proxecto

- Dinámica grupal para a creación da visión e o autocoñecemento.

Que é unha asociación?

- Tipos. Tecido asociativo de Narón.

Trámites previos

- Certificado dixital. Cl@ve e Chave 365.
- Acta fundacional e Estatutos.
- Documentación a cubrir: Anexos, Taxas.
- Sede electrónica. Oficina Tributaria Virtual.
- Seguintes pasos: CIF, Banco, Subvencións (presentación próximas formacións).

Obxecto

- Apoiar as persoas interesadas en constituír unha asociación no seu proceso de creación.
- Informar sobre o procedemento de constitución da asociación.
- Capacitar as persoas interesadas para a posta en marcha do seu proxecto.
- Partillar ferramentas que faciliten os trámites correspondentes.
- Resolver as dúbidas sobre o proceso, os trámites e as xestións.
- Dar a coñecer os servizos da Escola de Participación de Narón.

Avaliación

Ao final da sesión, entregaremos unha enquisa de satisfacción ás persoas participantes para que cubran de forma anónima e engadan calquera comentario, suxestión ou apreciación.

Reunións e asembleas. Coidado e desenvolvemento de espazos grupais eficaces

Data

Mércores 16 de novembro,
de 16:00 a 20:00 h

Lugar

Centro Comunitario Manuela Pérez Sequeiros

Formato: 4 h

Prazas

20 persoas máximo

Persoas destinatarias

Entidades asociativas do concello de Narón

Contidos

Planificación das reunións

- Definición do sentido e obxectivos da xuntanza
- A convocatoria: quen, cando e como?
- O coidado do espazo e dos materiais

- A planificación dos tempos
- A construción da axenda ou orde do día

Desenvolvemento da reunión

- O comezo e fin da reunión
- Os acordos grupais
- Roles necesarios na reunión
- O rol da persoa facilitadora

Elementos a ter en conta despois das reunións

- Devolución dos resultados
- Avaliación
- Seguemento de acordos e tarefas

Obxecto

- Identificar necesidades e dificultades das persoas participantes nos seus espazos de reunión.
- Afondar na comprensión do conxunto de elementos que definen os espazos de reunión e na importancia de abordalos especificamente..
- Ofrecer ferramentas e metodoloxías que facilitan o desenvolvemento dos espazos de reunión

Avaliación

Ao final da sesión, entregaremos unha enquisa de satisfacción ás persoas participantes para que cubran de forma anónima e engadan calquera comentario, suxestión ou apreciación.



@EscolaParticipacionNaron

Prazas limitadas

Máis información / Inscripcións

www.naron.es
naronparticipa@naron.es
603 865 413

Introdución á facilitación e xestión de grupos para asociacións

Data

Mércores 14 e 21 de decembro, de 16:30 a 19:30 h

Lugar

Centro Comunitario Manuela Pérez Sequeiros

Formato: 6 h

Prazas

20 persoas máximo

Persoas destinatarias

Asociacións do concello de Narón e contorna.

Contidos

Formato Curso (6 h)

Os grupos como sistemas vivos

- Campo grupal e atmosfera
- Dimensións da realidade e niveis de relación
- Roles dentro dun grupo

Facilitación e grupos efectivos e eficientes

- O rol da persoa facilitadora
- Modelos de efectividade grupal: Triángulo de procesos, persoas e obxectivos; 4 espazos grupais, etc.

Obxecto

- Coñecer o enfoque da facilitación e xestión de grupos como ferramentas para a eficiencia das entidades asociativas.
- Identificar elementos a ter en conta á hora de facilitar a eficiencia e desenvolvemento satisfactorio dun grupo.
- Auto-avaliar algúns aspectos do funcionamento interno a nivel grupal das entidades participantes

Avaliación

A avaliación deste curso será realizada no propio desenvolvemento do mesmo polas persoas participantes.

Inscríbete!

Aprende coa Escola

Programa de formación

OUTONO '22